



## **ACTAS ANTERIORES:**

**1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 28 DE NOVIEMBRE DE 2016 E 16 DE XANEIRO DE 2017.** Polo Sr. **Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

O Sr. **Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, manifestou que na sesión do 16 de xaneiro de 2017, na súa derradeira intervención, empregou a expresión “neste grupo de goberno”, non a de “nun grupo de goberno”, que figura na acta.

O Sr. **Secretario** sinalou que se procedía a corrixir a expresión apuntada polo Sr. **Agís Balboa**.

Ao non se formular ningunha observación mais, **apróbanse por unanimidade as referenciadas actas**, coa rectificación sinalada anteriormente, na da sesión do 16 de xaneiro de 2017 .-----

## **A)ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:**

**2º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 24 DE OUTUBRO AO 20 DE DECEMBRO DE 2016 (DE RES. Nº 1620/16 A RES Nº 1987/16).** O Sr. **Presidente** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 24 de outubro ao 20 de decembro de 2016**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

## **MOCIÓNS:**

Non se formulou ningunha.

O Sr. **Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou a súa queixa polas críticas feitas ao cobro das asistencias ao pleno extraordinario solicitado polo Partido Popular e, despois de dicir que a **Sra. Lago Martínez** e o mesmo renunciaron ao cobro deste tipo de cantidades no ano 2016, explicou que se desde o goberno o chamaran, podía incluírse neste pleno o asunto tratado na sesión extraordinaria, co que se lle daría contido a esta sesión, non parecéndolle de recibo que nun goberno onde os seus oito membros perciben dedicacións, non traia ningún asunto a unha sesión ordinaria e a única votación que se vai producir sexa a das actas, o que lle parece que é a primeira vez que pasa, engadindo que, aínda que tiñan tres mocións, non ían presentar ningunha, porque o primeiro a facer pola oposición é fiscalizar o labor do goberno e logo presentar propostas.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, con respecto ao sinalado sobre que puido vir a este pleno o asunto tratado na sesión extraordinaria convocada polo Partido Popular, matizou que era unha decisión que non lle correspondía ao goberno municipal, ante unha lexítima posibilidade que ten a oposición, polo que tampouco teñen

nada que criticar e ningún integrante do goberno fíxoo.

O **Sr. Martín González** aludiu a que houbo críticas e cría que sobre isto falouse aquí e a que o **Sr. Alcalde** puido chamar aos voceiros cando se presentou a solicitude do Pleno extraordinario, falar o tema e chegar a un acordo para tratar o asunto nesta sesión.

O **Sr. Alcalde** replicou ao anterior interveniente aludindo a que tamén o **Sr. Martín González** puido chamalo a el e non o fixo e explicou que tiñan pensado traer dúas ordenanzas a esta sesión, pero coa entrada en vigor de nova normativa era preciso primeiro sometelas a consulta popular, á parte de que as vacacións do Interventor impedían a fiscalización de asuntos e a que o traballo do día ao día seguiuse realizando, como o demostran as 367 resolucións da Alcaldía que se puxeron en coñecemento da Corporación nesta sesión, tomando nota non obstante do manifestado polo **voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, indicou que lle parecía unha vergoña que non se traia ningún asunto a este pleno, coa cantidade de temas pendentes que existen no concello e que tampouco ía presentar ningunha moción.-----

### **ROGOS:**

Non se formulou ningún.

### **PREGUNTAS:**

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, sobre a expulsión de Sanxenxo da Asociación de Vilas Mariñeiras, dixo que era un erro renunciar a formar parte da citada Asociación, na que se levaban 15 anos, cando moito turismo que ven a este concello procede do norte de España, polo que era bo dispoñer dunha plataforma como esta, a pesar dos 80.000 euros gastados desde a súa constitución, pola repercusión mediática que tiña, lamentado que se debesen dous anos de cotas e que o propio Concelleiro de Turismo tardase 7 meses en contactar coa Asociación, á parte de que o enfrontamento con Baiona non é beneficioso para ninguén, preguntándolle ao **Sr. Alcalde** se compartía a decisión de non estar na referida Asociación. O **Sr. Alcalde** puntualizou que os botaron da Asociación e decatáronse pola prensa. O **Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dixo que non tardou o tempo citado polo **Sr. Martín González** en contactar coa Asociación e que a cota de 6.000 euros anuais non tiña un retorno suficiente para este concello. O edil no uso da palabra explicou que asistiu ás asembleas de Llanes e Ribadesella, participando activamente e dando ideas, como a elaboración dun novo Plan Estratéxico que debería poñer en funcionamento a empresa que o redacte, posto que un dos problemas era a dificultade de traballar con concellos tan dispersos e mais desde que non existía unha xerencia profesional pagada e o traballo facíano os técnicos de turismo do concello ao que lle correspondía a Presidencia, engadindo que non puido asistir á última asemblea en Fitur, do que se desculpou, delegando o seu voto na Presidenta, polo que non se pode falar de desinterese, aínda que reconducir a situación era moi difícil. O interveniente sinalou que o seu erro foi darlle tanto tempo, movido polo interese de que Sanxenxo participase do fondo existente de 140.000 euros, unha vez que se investiron 80.000 euros, matizando que expuxo o seu compromiso de pagar as cotas con carácter inmediato e que a Asociación non xeraba contidos, xa que o único que facían era compartir. Por último puntualizou que non saíu antes á prensa porque aínda non se comunicou oficialmente a expulsión e que existían antecedentes de que a outros concellos con problemas similares, non se lles tratou así. O **Sr. Martín González** manifestou que o

Concelleiro de Turismo intentou dar explicacións, pero a pregunta non era esa, aínda que recoñeceu o erro de tardar tanto, polo que debeu pedir desculpas e non buscar enfrontamentos que prexudicaban a imaxe de Sanxenxo, precisando que para o Partido Popular era bo estar nesta plataforma e non lle valen excusas, engadindo que o percibido do manifestado polo anterior interveniente, era que consideraba que non funcionaba a Asociación. O **Sr. Sueiro Méndez** indicou que falou coa Presidenta sobre isto e que non se enturbaba a imaxe de Sanxenxo, preguntando se houbo algún acto importante da citada Asociación que tivese relevancia para este concello. O **Sr. Martín González** reiterou a bondade da plataforma, lembrando que no seu momento houbo actos aos que asistiron personalidades e con repercusión. O **Sr. Sueiro Méndez**, por último, aludiu a que dixo á Asociación que deu orde de pago da cota do 2015 á oficina de Intervención, non sendo isto unha excusa, senón unha realidade. O **Sr. Alcalde** sinalou que nin se lles comunicou oficialmente a expulsión, nin consta un ultimato previo da Asociación para que se abonasen as cotas pendentes, cando houbo antecedentes de actuar doutra forma en casos similares, especificando que esta non era a forma de facer as cousas e corroborando todo o dito polo **Sr. Sueiro Méndez**, finalizando a súa intervención para precisar que non saíron, senón que os botaron de maneira pouco ética, poñendo á disposición dos concelleiros as actas das reunións da Asociación.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, sobre o tema da pregunta anterior, aludiu a que, a nivel mediático, a imaxe de Sanxenxo foi danada e, a continuación, dado que se están a facer obras nos muíños, preguntou sobre a titularidade dos mesmos, xa que cría que eran privados e por como se ía a funcionar no futuro, porque o diñeiro do arranxo era público. O **Sr. Alcalde** contestou que os traballos os facían Obradoiros de Emprego da Mancomunidade do Salnés e que o primeiro requisito esixido era o compromiso polos propietarios de cesión durante 25 anos, tempo no que podían ser utilizados sen que puidesen poñer obstáculos os propietarios, entendendo que desde a Mancomunidade considerouse que este requisito cumpríuse.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, ante as obras realizadas nas inmediacións do Con do Paxaro, agora paralizadas, preguntou se ían continuar e o que ía pasar. O **Sr. Alcalde** contestou que se trataba dun proxecto da Consellería de Medio Ambiente en terreos cedidos pola Comunidade de Montes de Noalla e, cando se empezou a traballar as inmediacións do Con, aínda que non existía catalogación, considerouse oportuno trasladar á Consellería esta inquietude, porque se prefería perder 3 ou 4 prazas de aparcadoiro, antes de que se realizasen actuacións que puidesen prexudicar o entorno natural, estando pendentes do que a Consellería de Medio Ambiente decida.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e unha horas e oito minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**

